

27 Outubro de 2014 - Revista 993

Revista Se manal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 4

BOLSAS E AXUDAS / 7

PREMIOS E CONCURSOS / 8

NOVAS DE EMPREGO / 9

NOVAS DAS CASAS DA XUVENTUDE E OMIX / 17

EN PORTADA

Santiago acolle unha exposición das nove coleccións finalistas do concurso de deseño de xoias organizado por Xuventude

Mercores, 22 Outubro 2014 07:21

A **Fundación Eugenio Granell** de Santiago acolle ata o **30 de outubro** a exposición dos traballos finalistas da especialidade de deseño de xoias do certame **'Xuventude Crea'**, organizado pola *Consellería de Traballo e Benestar* a través da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*.

As nove coleccións finalistas, que son expostas baixo o pseudónimo do seu autor, son: **"Inflorescencia"** (Gropius), **"Allando"** (Gitana), **"Vanidade"** (Attila), **"Simbiose"** (Mouh), **"Mar de redes"** (Xirga), **"Mar e terra"** (Xusto), **"Diálogo con el arte"** (Scon), **"Orografía"** (Cruceiro) e **"Areais"** (Vagalume). Cada colección está formada por tres pezas.

O certame **'Xuventude Crea'** ten como obxectivo fundamental que os mozos e mozas poidan manifestar a súa inxerencia artística e cultural, ao tempo que se fomenta a creatividade xuvenil.

Na edición do 2014 presentáronse un total de 263 proxectos, individuais e en grupo, para as once especialidades previstas: *teatro, música, artes plásticas, deseño de xoias, carteis, banda deseñada, relato breve, poesía, moda, videocreación e graffiti*. Trátase de proxectos ideados e executados polos mozos e mozas.

Participaron un total de 358 mozos e mozas galegos, ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os 16 e 30 anos, con dúas excepcións: a especialidade de música, na que ata o 25% do grupo pode superar os 30 anos; e a especialidade de teatro, na que ata o 25% dos compoñentes do grupo pode superar os 30 anos ou poden ter entre 14 e 16 anos.

Os premios nas 11 especialidades serán 3.000 euros para os gañadores; 1.500 euros para os segundos; e 1.000 euros para os terceiros. Os premios poden ser compartidos. E, así mesmo, o xurado pode outorgar mencións de honra, sen dotación económica.

Dende hoxe e ata finais do mes de novembro terán lugar as finais das especialidades de deseño de xoias, teatro, graffiti, música, moda e artes plásticas.

Un total de 15 voluntarios de Austria realizan labores de limpeza na contorna do Santuario da Barca, en Muxía

Luns, 27 Outubro 2014 08:00

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, participou hoxe en Muxía nas actividades do proxecto de Voluntariado Europeo de curta duración **'Rückenwind Employability Tuning'**, que se desenvolve en Muxía no marco do programa **Erasmus+: Xuventude en Acción**.



Este proxecto, que coordina en Galicia a **Asociación Educere**, implica a un total de 15 voluntarios austríacos de entre 17 e 30 anos, que recalan na vila galega en tres grupos diferentes de 5 persoas. Cada un dos grupos participa durante catro semanas no proxecto, realizado labores de limpeza e preparación dun terreo cerca do *Santuario da Barca*, onde cultivan diferentes verduras e hortalizas para destinalas a Cáritas.

No total galego, as dúas primeiras quendas de 2014 do *Servizo de Voluntariado Europeo* permitiron a posta en marcha de 13 proxectos solidarios, no que participan un total de 37 voluntarios de 19 nacionalidades europeas ou de países próximos. Estas iniciativas supuxeron un investimento de preto de 250.000 euros.

Na primeira quenda, os proxectos desenvolvéronse en asociacións e institucións dos municipios da *Coruña, O Pino, Padrón, Boqueixón, Vedra, Santiago, Ourense, Ribadavia, e Vigo*. Nas segunda quenda, os proxectos teñen lugar en *Ourense, Xinzo de Limia, Pontevedra, Santiago, Curtis, Muxía e A Baña*.

Rodeiro destacou que *"o Servizo Voluntario Europeo ofrece aos mozos unha experiencia de educación non formal, de participación nunha experiencia de interculturalidade e voluntariado, desenvolver a solidariedade entre os máis novos, promover a relación con culturas diferentes e facilitar a aprendizaxe ou perfeccionamento doutros idiomas"*.

O *Servizo Voluntario Europeo* traballa con voluntarios de entre 17 e 30 anos en proxectos de organizacións que traballan no ámbito da xuventude, o desenvolvemento persoal e socioeducativo dos mozos, a implicación civil, asistencia social, a inclusión dos desfavorecidos, o medio ambiente, os programas de educación non formal, as TIC e a cultura e a creatividade.

EN PORTADA

NOVAS E ACTIVIDADES

Voluntarios para o Concello de Teo

Mercores, 22 Outubro 2014 06:29



O **Departamento de Benestar do Concello de Teo**, busca reforzar os programas de voluntariado social con máis persoas dispostas a colaborar e participar cun tempo semanal moi escaso. En calquera das iniciativas que están funcionando pódese colaborar con só unha ou dúas horas á semana nos catro programas en marcha: no banco de alimentos veciñal, no roupeiro municipal, no programa de acompañamento ou no de apoio educativo.

As persoas interesadas en ser voluntario/a ou en solicitar información poden chamar ao teléfono dos *Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Teo* 981 809 707.

<http://www.concellodeteo.com/actualidade/nova.php?id=1419&lg=gal>

XIV Concurso de Ideas Empresariais Innovadoras da USC

Xoves, 23 Outubro 2014 09:27



A Universidade de Santiago de Compostela convoca o **"XIV Concurso de Ideas Empresariais Innovadoras da USC"** que ten por obxecto premiar a aquelas emprendedoras e emprendedores que presenten ideas innovadoras susceptibles de converterse en proxectos empresariais a curto e medio prazo.

Participantes:

O concurso vai dirixido a toda a comunidade universitaria, (estudantes, tituladas e titulados, doutorandas e doutorandos, PAS, etc.) e a todas as áreas de coñecemento (*Humanidades, Ciencias da Saúde, Ciencias Xurídicas e Sociais, Ciencias Experimentais e Ensinanzas Técnicas*) de calquera das universidades galegas.

Inscrición:

A inscrición no concurso realizarase de forma telemática, cumprimentando o formulario que aparece na páxina web de **Uniemprende**: www.uniemprende.es

O **prazo de presentación** estará aberto ata o 14 de novembro de 2014.

Premios:

Outorgaranse 5 premios de 600 €, independentemente do número de participantes. Estes premios están suxeitos a unha retención de IRPF.

Todas as persoas premiadas terán a obriga de entregar a *seguinte documentación*:

Fotocopia do DNI.

Fotocopia que acredite a súa vinculación universitaria (carné, título, impreso de matrícula, etc.)

Certificación Bancaria co número de conta a onde se debe facer o ingreso. No caso de a idea premiada pertenza a varias persoas, acordo asinado por todos/as os promotores/as da mesma, para poder facer o ingreso a unha soa persoa.

O xurado estará composto por representantes da *Universidade de Santiago de Compostela* e de entidades colaboradoras. A súa composición publicarase no taboleiro de anuncios do Edificio Emprendia.

Valoraranse de forma preferente os *seguintes aspectos*:

Viabilidade e factibilidade da idea.

Carácter innovador.

Grao de madurez da idea.

Mercado.

A presenza de políticas de igualdade.

Máis información:

Uniemprende

Tel. 900 100 981 / 881 815 561

uniemprende@usc.es

www.uniemprende.es

A natureza voluntaria ou laboral das actividades desenvolvidas nas entidades deportivas sen ánimo de lucro

Luns, 27 Outubro 2014 08:17



A Escola Galega de Administración Pública convoca en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a **xornada A natureza voluntaria ou laboral das actividades desenvolvidas nas entidades deportivas sen ánimo de lucro**.

Obxectivos:

Informar o sector deportivo sobre os distintos encadramentos xurídicos das actividades desenvolvidas nas entidades deportivas sen ánimo de lucro por adestradores, técnicos, deportistas e outras figuras.

De forma concreta, esta xornada ten por obxectivos facilitar información práctica sobre a normativa en vigor nos ámbitos laboral e de acción voluntaria, e actualizar os coñecementos dos axentes deportivos para a mellora última das súas competencias.

Contidos:

O voluntariado deportivo.

As relacións laborais no ámbito deportivo.

Destinatarios:

Responsables das entidades deportivas galegas, principalmente clubs e federacións deportivas, e interesados en xeral.
Desenvolvemento.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP); rúa Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

Data e horario: 6 de novembro de 2014, das 16.00 ás 20.00 horas.

Duración: 4 horas lectivas.

O **prazo** para inscribirse estará aberto ata o 5 de novembro de 2014.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da **EGAP**: <https://egap.xunta.es/matricula/> e no **DOG do 27 de outubro de 2014**.

NOVAS FORMACION

CURSOS DA DXXV

Curso de Formación específica para a Dinamización da Igualdade de Xénero dende as Entidades Xuvenís

Luns, 20 Outubro 2014 14:50



Aberto o prazo de inscrición na segunda edición do **curso de Formación específica para a dinamización da igualdade de xénero** dende as entidades xuvenís, organizado polo *Centro Coordinador de Información Xuvenil* en Santiago de Compostela, do 5 de novembro ao 5 de decembro.

Información e inscricións: Cursos na Rede Galega de Información Xuvenil. (Plan de Formación da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado 2014)

<http://xuventude.xunta.es/cursos-da-rede-galega-de-informacion-2014.html>

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Curso de Micología en Vilarmajor

Mercores, 22 Outubro 2014 07:38



Alvarella convoca o **4º curso de Micología: identificación e usos culinarios en Vilarmajor**.

Datas: 15 e 16 de novembro de 2014.

Prezo: 75 €, inclúe aloxamento con pensión completa sábado e domingo.

Máis información en Alvarella, teléfono 981 784 563

www.alvarella.com

Técnicas e estratexias de linguaxe corporal

Mercores, 22 Outubro 2014 07:58



Curso **Técnicas e estratexias de linguaxe corporal** en *Santiago de Compostela*.

Prazo de inscrición: ata o 19 de novembro.

Data: venres 21 de novembro.

Lugar: Doutroxeito Coworking. Rúa do Hórreo 22, 3º. Santiago de Compostela.

Horario: 17:00-21:00

Prezo: 38 €

Requisitos de participación: aberto a tódolos públicos, sexan particulares ou empresas.

Máis información: www.franlorenzo.com/formacion/lenguaje-corporal/

V Cápsulas formativas

Mercores, 22 Outubro 2014 10:01



**V cápsulas
formativas**
cursos monográficos
novembro-décembro 2014

A **Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia** presenta unha nova edición de cursos monográficos nas "**V Cápsulas Formativas**"

Iniciación ás Fofuchas

Modalidade: presencial.

Lugar e datas: Ourense (A.X. Amencer): 6 de decembro. De 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 (8 horas).

Prezo: 30 €.

Descrición: As fofuchas son fermosas bonecas elaboradas 100% a man cunha técnica innovadora coñecida como foami 3D, a cal permite dar renda solta á imaxinación e crear verdadeiras obras de arte coloridas con increíbles detalles para convertilas en regalos únicos e especiais.

Ciencia divertida para actividades infantís

Modalidade: presencial.

Lugar e datas: Vigo (C.X. Abertal): 13 de decembro. De 16:00 a 21:00 (5 horas).

Prezo: 25 €.

Descrición: Neste curso preténdese dotar aos participantes de coñecementos básicos para a realización de actividades infantís de ciencia divertida para estimular a nenos e non tan nenos con inquietudes científicas, mediante o desenvolvemento de diversas capacidades a partir de experimentos científicos. Desta forma, acadarase o principal obxectivo do curso: divulgar e promover a ciencia dunha forma amena e divertida.

Manipulador de alimentos

Modalidade: En liña.

Data: do 17 de novembro ao 30 de novembro (2 semanas).

Número de horas lectivas: 12.

Prezo: 20 €.

Descrición: Este curso oficial, recoñecido pola Xunta de Galicia, ten como obxectivo que ao finalizar a fase de aprendizaxe, o alumno adquira os coñecementos, destrezas e actitudes precisas para aplicar no seu posto de traballo un correcto comportamento e as técnicas axeitadas de hixiene e sanidade alimentaria en manipulación de alimentos, para impedir a súa contaminación e previr posibles alteracións alimentarias naquelas especialidades de Industrias Alimentarias, Hostalaría e/ou aquelas outras para cuxo exercicio profesional sexa preciso.

Maquillaxe e caracterización

Modalidade: presencial.

Lugar e datas: A Coruña (C.X. Abeiro): 2 de novembro. De 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 (8 horas).

Prezo: 20 €.

Descrición: O curso pretende afondar en coñecementos teóricos e prácticos que permitan mellorar as destrezas de:

Tipos de rostros e trazos faciais.

Clasificación de materiais e a súa aplicación.

Técnicas de cor e o seu uso.

Tipos de maquillaxe: caracterización, fantasía, corporal, infantil...

Deseños de maquillaxe: Halloween e Samaín, Entroido, fantasía, infantil...

Os socios da *Federación*, persoas en posesión do carné xove e persoas desempregadas terán un desconto no prezo dos cursos.

Teléfonos de información sobre os cursos: 647 131 705 - 988 218 123

Contacto: Iago ou Adrián.

www.fedbosco.org

Obradoiro de busca activa de emprego

Luns, 20 Outubro 2014 10:35



A **Asociación O Fiadeiro** organiza en Vigo un obradoiro de busca activa de emprego.

Días 27, 28 e 31 de outubro.

Hora: 10.00 a 13.00

Prezo soci@s: 10,00 €

Prezo non soci@s: 15,00 €

Formadora: Amelia Carballa Pérez.

Licenciada en socioloxía, especializada en xestión de recursos humanos, orientación laboral e consultora de formación.

Data límite para o pago da matrícula **xoves 23 de outubro** en horario de oficina.

Mais información no 629 585 355 ou en ofiadeiro@ofiadeiro.com

Iniciativa emprendedora universitaria. Proceso de creación de empresas

Luns, 20 Outubro 2014 15:01

**iniciativa emprendedora
universitaria**
proceso de creación de empresas

matrícula gratuita
Colaborado por el Ministerio de Industria, Energía y Turismo



Organizado pola *Vicerreitoría de Estudiantes, Deportes e Cultura da Universidade da Coruña* e impartido pola *Escola de Organización Industrial (EOI)*.

Lugar: Campus universitario de Ferrol- Edificio de Apoio ao Estudo.

Data: 3 ao 21 de novembro 2014.

Duración: 71 horas.

Obxectivo: Ofrecer alternativas de emprego e desenvolver potencial creador.

Destinatarios/as: alumnado de Grao, Mestrado, Doutoramento e titulados da UDC.

Prazo de presentación de solicitude: ata o 30 de outubro de 2014.

Inscrición: sen cuota de inscrición.

Máis información: http://www.udc.gal/sape/actualidade/2014/10/Curso_iniciativa_emprendedora_1_ferrol.html
emprego.vedc@udc.es

Inscrición:
EMPREGO UDC- SAPE
Teléfono: 981 337 400 Ext: 3616

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a de Actividades de tempo libre en Vigo

Martes, 21 Outubro 2014 10:22



A **Escola de tempo libre Don Bosco** organiza un curso de **Monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo**.

Datas: do 20 de decembro ao 8 de febreiro de 2015.

Horario: de 9 a 14 e de 16 a 21h.

Lugar: Centro Xuvenil Abertal. Rúa Venezuela 3. Vigo.

Máis información en Don Bosco, teléfono 986 225 662.

www.cxdonbosco.org

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo

Luns, 20 Outubro 2014 10:45



A **escola de tempo libre Actex** organiza en Vigo un curso de monitor/a de actividades de tempo libre.

Datas: do 10 de novembro ao 15 de xaneiro de 2015.


Horario: de luns a venres de 9.30 a 14.30.

Máis información na escola de tempo libre Actex, teléfonos 886 125 998 e 607 582 719.

www.actex.es

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo

Luns, 20 Outubro 2014 13:51



A **Escola de tempo libre Campa** convoca un **curso de Director/a de actividades de tempo libre na Coruña**.

Requisitos:

Posuír o título de Monitor de Tempo Libre.

Estar en posesión de un título de ensino secundario.

Acreditar unha experiencia laboral como monitor despois da obtención do título de alomenos 250 horas.

Datas: Venres de 16:30 a 21:30 horas e Sábados de 9 a 14 e de 16 a 21 horas, do 12 de decembro de 2014 ata o 28 de febreiro de 2015.

Máis información na Escola de tempo libre Campa:

Rúa Simón Bolívar 3, A Coruña.
Teléfono: 981 214 444
www.etlcampa.net

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsas no Instituto Nacional de Estadística

Xoves, 23 Outubro 2014 06:27



O **Instituto Nacional de Estadística** convoca **12 bolsas** coa **finalidade** de *fomentar e promover a investigación estatística, así como o desenvolvemento e implantación de procesos estatísticos, mediante a formación de postgraduados.*

O período de desfrute de cada unha das bolsas será dun máximo de 12 meses, acabando o 31 de decembro de 2015.

Requisitos dos solicitantes: título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou de Grao, que deberá terse obtido durante os últimos tres anos anteriores á data da convocatoria das bolsas.

Prazo: 11 de novembro de 2014.

Mais información: BOE do 23 de outubro de 2014.

www.ine.es

BOLSAS E AXUDAS OUTRAS

Subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro da provincia da Coruña

Luns, 27 Outubro 2014 08:51



A **Deputación da Coruña** convoca os seguintes **programas de subvencións:**

1. As *entidades deportivas sen ánimo de lucro*, para a realización de actividade físico-deportiva, non federada, durante o ano 2015.
2. Os *clubs deportivos sen ánimo de lucro*, con equipos en competición federada, para a participación dos equipos federados en competicións deportivas, durante o ano 2015.
3. As *entidades deportivas da provincia sen ánimo de lucro*, para o desenvolvemento de eventos deportivos oficiais na provincia, durante o ano 2015.

4. As *entidades deportivas da provincia da Coruña*, sen ánimo de lucro, para infraestruturas e equipamento, durante o ano 2015.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o 20 de novembro de 2014.

Máis información no BOP da Coruña do 27 de outubro de 2014.

Subvencións a entidades sen fins de lucro da provincia da Coruña

Luns, 27 Outubro 2014 09:05



A **Deputación da Coruña** convoca o programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro:

1. Para realizar actividades culturais durante o ano 2015.
2. Para realizar investimentos culturais durante o ano 2015.
3. Para o mantemento de servizos sociais no ano 2015.
4. Para o mantemento de programas sociosanitarias no ano 2015.
5. Para o mantemento de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no ano 2015.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o 20 de novembro de 2014.

Máis información no BOP da Coruña do 27 de outubro de 2014.

Subvencións a entidades asociativas agrarias e labregas da provincia da Coruña

Luns, 27 Outubro 2014 09:15



A **Deputación da Coruña** convoca o programa de subvencións a entidades asociativas agrarias e labregas:

1. para actividades durante o exercicio 2015.
2. para investimentos durante o exercicio 2015.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **20 de novembro de 2014**.

Máis información no BOP da Coruña do 27 de outubro de 2014.

PREMIOS E CONCURSOS

Creación radiofónica ou audiovisual contra a desigualdade

Mercres, 22 Outubro 2014 07:15



Educación Sin Fronteras-Educo convoca un concurso de creación radiofónica ou audiovisual para loitar contra os mitos e prexuízos relacionados coa interculturalidade entre os centros educativos, **AMPAs**, organizacións xuvenís e entidades sociais que traballen con nenos, nenas e adolescentes de entre 10 e 17 anos.

Para participar no concurso propónse que de xeito participativo e en grupo (non se aceptarán traballos individuais) se creen produtos radiofónicos ou audiovisuais, de menos de 4 minutos de duración, cuxo contido axude a desmontar mitos, estereotipos, rumores e prexuízos sobre a diversidade cultural.

Os/as participantes incluíranse nunha destas categorías:

Primaria (para idades comprendidas entre os 10 e 11 anos)

ESO e bacharelato (entre 12 e 17 anos)

Cada escola ou entidade pode mandar varias participacións aínda que só se aceptará unha por clase ou grupo.

A **data límite de presentación** é o **19 de decembro de 2014**. As bases do concurso poden consultarse aquí: <http://www.educacionsinfronteras.org/files/1141154>

Este concurso forma parte das actividades do proxecto "**Desiguais: voluntariado e interculturalidad**" cofinanciado pola *Fundación Obra Social La Caixa*.

Haberá 4 premios, distribuídos do seguinte xeito:

Entre os traballos audiovisuais, seleccionárase un premio para cada franxa de idade.

Entre os traballos radiofónicos, seleccionárase un premio para cada franxa de idade.

A organización comunicárase por escrito e teléfono coas escolas ou entidades gañadoras para realizar a entrega do premio. Os premios consistirán nun certificado para cada participante máis equipamento deportivo, lúdico para a entidade ou centro participante valorado en 500 €.

Para calquera información adicional, podedes contactar coa entidade organizadora ao correo concurso.diversidadcultural@educu.org

www.educacionsinfronteras.org/es/82/1141260/

NOVAS DE EMPREGO ➔ EMPREGO PUBLICO

Xuiz/a de paz do Concello de Cervantes

Martes, 21 Outubro 2014 07:49

O **Concello de Cervantes** fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de **xuíz/a de paz titular**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **7 de novembro de 2014**.

Máis información no BOP de Lugo do 21 de outubro de 2014.

Chofer-operario/a do lixo en Valdeorras e en Carballiño

Mercores, 22 Outubro 2014 06:56

A **Deputación de Ourense** necesita dous/dúas **operarios/as do lixo** para a zona de Valdeorras e para a zona de Carballiño.

Requisitos:

Graduado en ESO ou equivalente e o permiso de circulación clase "C" e "E".

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **29 de outubro de 2014**.

Máis información no BOP de Ourense do 22 de outubro de 2014.

Xuiz/a de paz do Concello de Vilar de Santos

Mercores, 22 Outubro 2014 07:01

O **Concello de Vilar de Santos** fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de **xuíz/a de paz titular**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **10 de novembro de 2014**.

Máis información no BOP de Ourense do 22 de outubro de 2014 e na **OMIX de Vilar de Santos**, teléfono 988 465 883.

Persoal docente e investigador para a Universidade da Coruña

Xoves, 23 Outubro 2014 06:19

A **Universidade da Coruña** convoca as seguintes prazas para o **Campus de Ferrol**:

- 2 prazas de profesor contratado interino de substitución.

- 8 praza de profesor asociado.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **5 de novembro de 2014**.

Máis información no DOG do 23 de outubro de 2014 e en

www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/

Xuiz/a de paz do Concello de Bergondo

Xoves, 23 Outubro 2014 07:20

O **Concello de Bergondo** fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de **xuíz/a de paz substituto**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de novembro de 2014**.

Máis información no BOP da Coruña do 23 de outubro de 2014.

Convocadas 14 prazas do Corpo Superior de Técnicos da Administración da Seguridade Social

Venres, 24 Outubro 2014 09:25

O **Ministerio de Emprego e Seguridade Social**, convoca estas prazas, polo sistema de oposición.

O **prazo de presentación** de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 23 de outubro de 2014. www.boe.es

Convocadas 6 prazas de técnicos na Comunidade de Aragón

Venres, 24 Outubro 2014 09:27

As prazas convocadas son (**2 de técnica/o facultativa/o de asistentes sociais, 2 técnica/0 de xestión de emprego e 2 de técnica/o de xestión xeral**), polo sistema de oposición.

O **prazo de presentación** de solicitudes é ata o **17 de novembro de 2014**. **Máis información** www.BOA.es do **23 de outubro**.

Convocadas prazas de bombeiro-condutor en Almuñecar (Granada)

Luns, 27 Outubro 2014 10:18

As prazas do **Servizo de Extinción de Incendios**, son convocadas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo de presentación** de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 27 de outubro de 2014. www.boe.es

Orientador/a laboral en Betanzos

Luns, 27 Outubro 2014 10:27

O **Concello de Betanzos** fai unha convocatoria para a selección por procedemento de concurso libre dun/ha técnico/a de orientación laboral.

Requisitos: licenciatura ou diplomatura universitaria.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **3 de novembro de 2014**.

Máis información no BOP da Coruña do 27 de outubro de 2014 e na **OMIX de Betanzos**, teléfono 981 771 300.

Persoal para o Concello de Bande

Luns, 27 Outubro 2014 10:42

O **Concello de Bande** fai unha convocatoria para cubrir temporalmente as **seguintes prazas:**

- 1 capataz
- 6 peóns

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **30 de novembro de 2014**.

Máis información no BOP de Ourense do 27 de outubro de 2014 e na **OMIX de Bande**, teléfono 988 443 001.

Xuíz/a de paz de Guitiriz

Luns, 27 Outubro 2014 10:48

O Concello de Guitiriz fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz/a de paz titular. Os requisitos para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

mento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **10 de novembro de 2014**.

Máis información no BOP de Lugo do 25 de outubro de 2014 e na **OMIX de Guitiriz**, teléfono 982 370 109.

NOVAS DE EMPREGO ▶ EMPREGO PRIVADO

Responsable de compras e produto

Martes, 21 Outubro 2014 07:33

EGA consultores selecciona para importante *empresa de textil/fogar* situada en Pontevedra *un/unha responsable de compras e produto*.

En dependencia da xerencia se encargará das compras e negociación das condicións comerciais.

Búsqueda de novos provedores internacionais, asistencia a feiras internacionais.

Estudo e seguimento do mercado.

Requisitos:

Formación superior. Non se descarta ningunha titulación.

Alto nivel de inglés.

Experiencia de dous ou tres anos en empresas do sector textil.

Disponibilidade para viaxar ámbitos nacionais e internacionais.

Xornada laboral completa.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/responsable-de-compras-y-producto/pontevedra/1731278/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=compras-logistica-y-transporte&utm_term=pontevedra

Operario/a de retroexcavadora para Vigo

Martes, 21 Outubro 2014 07:34

Nortempo ETT SL selecciona *operario/a de retroexcavadora* para Vigo (Pontevedra).

Experiencia de dous anos no manexo de retroexcavadora.

Carné de retroexcavadora e carretilla elevadora.

Xornada laboral completa.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/operario-a-de-retroexcavadora/pontevedra/1731279/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=construccion-e-inmobiliaria&utm_term=pontevedra

Promotor centros comerciais para Vigo

Martes, 21 Outubro 2014 07:48

Grupo Tema (importante empresa de marketing integral) necesita incorporar un *promotor/a* para importantes centros comerciais de Vigo.

Experiencia en droguería, alimentación, perfumaría e imaxén.

Condicións segundo en campaña. Boa imaxén.

Persoa extrovertida e con grandes dotes de comunicación.

Contrato de duración determinada e xornada laboral parcial.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/promotor-a-centros-comerciales/pontevedra/1731048/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=comercial-ventas&utm_term=pontevedra

Persoal nova tenda de deportes en Vigo

Martes, 21 Outubro 2014 09:26

Sprinter nova tenda de deportes abrirá proximamente en Vigo e *necesita persoal* para a súa tenda.

Se requiren:

Estudiantes/vendedores deportistas con clara vocación de atención ó cliente.

Vendedores/xefes con experiencia no sector retail.

Ofrecemos:

Carreira profesional a curto prazo.

Formación a cargo da empresa.

Incorporación inmediata.

Número de vacantes: 10 prazas de vendedor/dependente.

Retribución fixa + incentivos.

Contrato indefinido.

Xornada indiferente.

http://www.trabajando.es/empleos/oferta/160158/vendedora-nueva-tienda-deporte-sprinter-vigo.html?utm_source=sepe&utm_medium=Xml&utm_campaign=sepe

Desenvolvedor/a informático/a para Lugo

Martes, 21 Outubro 2014 09:40

Adecco con sede en Madrid en Camino del Cerro de los Gamos 3, 28224 Pozuelo de Alarcón, Madrid, selecciona *un/unha desenvolvedor/a informático/a* para empresa en Lugo.

Se require diplomatura/enxeñería técnica; *experiencia previa dun ano:*

PHP. Javascript.

Linguaxes de mercado: HTML, XML, JSON

Experiencia en equipo Git.

Linguaxes de estilo CSS2/3

Entorno de desenvolvemento: eclipse/netbeans.

Base de datos MySQL. Dominio SQL

Incorporación inmediata.

Xornada laboral completa.

Salario segundo convenio.

Contrato de duración determinada.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/desarrollador-a-informatico-aplicaciones-entorno/lugo/1731292/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=tecnologia-e-informatica&utm_term=lugo

Camarista Vilagarcía de Arousa

Mercores, 22 Outubro 2014 09:13

Nortempo ETT SL selecciona un camarista para Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), para importante empresa do sector da alimentación. As tarefas se realizarán dentro dunha cámara frigorífica.

Funcións:

Reposición e preparación de pedidos.

Carga de trailers.

Transporte de mercancía en almacén mediante maquinaria: transpale manual, palet, mecanico/a y retráctil.

Carné de carretillero.

Disponibilidade para incorporación inmediata.

Contrato de duración determinada e xornada completa.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/camarista/pontevedra/1732084/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=profesionales-artes-y-oficios&utm_term=pontevedra

Conductor/a de transporte adaptado Pontevedra

Mercores, 22 Outubro 2014 09:14

Nortempo ETT SL oferta un posto de traballo conductor/a en Pontevedra.

Se require:

Experiencia como conductor de autobús.

Disponibilidade inmediata.

Disponibilidade para traballar por horas.

Contrato de duración determinada.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/conductor-a-transporte-adaptado/pontevedra/1732145/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=profesionales-artes-y-oficios&utm_term=pontevedra

Coordinador/xefe de equipo Pontevedra

Mercores, 22 Outubro 2014 09:15

Empresa de importante traxectoria, baseada nos servizos empresariais para todo tipo de empresas a nivel nacional (seguros, prevención riscos laborais, LOPD, etc) necesita incorporar un *coordinador/xefe de equipo*.

Se require:

Experiencia como coordinador/a xefe.

Vehículo propio.

Estudos mínimos aceptables.

Autónomo ou freelance.

Xornada completa.

Salario 42000 euros/ano.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/coordinador-jefe-de-equipo/pontevedra/1732298/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=comercial-ventas&utm_term=pontevedra

Asesor comercial sector enerxético Pontevedra

Mercores, 22 Outubro 2014 09:22

Empresa de outsourcing comercial en pleno proceso de expansión necesita incorporar un *asesor comercial para comercialización de gas natural*. Postos vacantes cinco (5).

Orientación ó cliente para darlle unha mellor oferta.

Se ofrece:

Incorporación inmediata.

Proxecto a longo prazo.

Traballo en equipo.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/asesor-comercial-sector-energetico/pontevedra/1731715/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=comercial-ventas&utm_term=pontevedra

Comercial asesor de formación continua Pontevedra

Mercores, 22 Outubro 2014 09:31

Centro de formación de prestixio de Pontevedra, necesita incorporar dous *asesores/as comerciais* que xa teñan carteira ou con facilidade para conseguila en formación empresarial bonificable.

Se require ter formación.

Contrato como autónomo ou freelance.

Xornada completa.

Salario de 22 000 euros/ano

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/comercial-asesor-de-formacion-continua-con-experiencia/pontevedra/1732246/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=comercial-ventas&utm_term=pontevedra

Asesor financeiro A Coruña

Xoves, 23 Outubro 2014 07:06

Pro-Talento Servizo Integral de Headhunting e Selección situada en Madrid, Arroyo de Fontalón, 53, 28030 Madrid, www.pro-talento.com selecciona *un/unha asesor/a comercial* para importante empresa de Grupo asegurador e de xestión de activos que opera en máis de 18 países con forte presenza en Europa e Xapón, dedicado a seguros, xubilacións, etc.

Se require persoa con gusto polas vendas.

Se ofrece formación homologada pola Dirección Xeral de Seguros.

Ingresos atractivos e altamente competitivos.

Freelance ou autónomo.

Xornada completa.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/asesor-financiero-a-corunna/a-corunna/1722459/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=comercial-ventas&utm_term=a-corunna

Caixeiro/a A Coruña

Xoves, 23 Outubro 2014 07:07

Oferta como *caixeiro/a* en **ADECCO A Coruña** para realización de tarefas de cobro e devolucións en caixa, etc. Clara orientación ó cliente.

Recepción, reposición, e organización de almacén, etc.

Se require FP de Grado Medio e menos dun ano de experiencia.

Xornada parcial e turnos rotativos.

Incorporación inmediata. Formación a cargo da empresa.

Contrato de duración determinada.

ADECCO, Camino del Cerro de los Gamos, 3, 28224 Pozuelo de Alarcón, Madrid.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/cajero-a/a-corunna/1732593/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=comercial-ventas&utm_term=a-corunna

Ofertas Servizo Público de Emprego 24/10/2014

Venres, 24 Outubro 2014 07:46

Profesores da área de linguas estranxeiras (ensino secundario)

- Localidade: Cerceda (A Coruña)

- Nº oferta: 12/2014/8589

- Data: 24/10/14

- Requisitos: profesor/a de inglés con experiencia en docencia. Preferiblemente nativo/a. O posto de traballo esta en Cerceda. Contrato a tempo parcial. Horario de tardes.

Axentes comerciais

- Localidade: Ourense

- Nº oferta: 12/2014/8887

- Data: 24/10/14

- Requisitos: precísase axente comercial con experiencia e coñecementos nos seguintes campos: mobiliario urbano, alumbrado, parques infantís e sinalización. O traballo será no Noroeste de Castela-León e no Sureste de Galicia.

Profesores de canto

- Localidade: Pontevedra

- Nº oferta: 12/2014/9684

- Data: 24/10/14

- Requisitos: necesítanse profesores de canto.

Operadores de máquinas industriais de coser e bordar, en xeral

- Localidade: Pontevedra

- Nº oferta: 12/2014/9685

- Data: 24/10/14

- Requisitos: Para dar clases de Patchwork en academia, xornada parcial.

Analistas de sistemas, nivel medio (junior)

- Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2014/9765
- Data: 24/10/14
- Requisitos: necesítanse demandantes con coñecementos e experiencia de 24 meses no sistema Linux ou Unix. Formación en enxeñería informática, enxeñería técnica informática, telecomunicacións, industriais, matemáticas ou física.

Dependentes de roupa de fogar

- Localidade: Ordes (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2014/9806
- Data: 24/10/14
- Requisitos: dependente de roupa de fogar. Contrato para a formación.

Programadores de aplicacións informáticas

- Localidade: A Coruña
- Nº oferta: 12/2014/9831
- Data: 24/10/14
- Requisitos: programadores de aplicacións informáticas. Titulación relacionada co posto (enxeñería ou ciclo superior) un ano de experiencia.

Técnicos/as en operacións de sistemas informáticos

- Localidade: Ourense
- Nº oferta: 12/2014/9840
- Data: 24/10/14
- Requisitos: Técnico/a en operacións de sistemas informáticos-programador/a informático. Disponibilidade para viaxar. Permiso de conducir. Inglés alto.

Recepcionistas-telefonistas en oficinas, en xeral

- Localidade: A Coruña
- Nº oferta: 12/2014/9873
- Data: 24/10/14
- Requisitos: recepcionistas-telefonistas en oficinas, en xeral. Contrato para a formación.

Empregados/as administrativos, en xeral

- Localidade: A Coruña
- Nº oferta: 12/2014/9879
- Data: 24/10/14
- Requisitos: empregados/as administrativos. Coñecementos informáticos. Traballo a tempo parcial.

Electricistas e/ou electrónicos de automoción, en xeral

- Localidade: Outes (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2014/9920
- Data: 24/10/14
- Requisitos: necesítase electromecánico oficial de primeira con experiencia para a zona de Outes.

Técnicos/as en control de calidade en industrias alimentarias

- Localidade: A Coruña
- Nº oferta: 12/2014/9921
- Data: 24/10/14
- Requisitos: Imprescindible formación universitaria en industrias agroalimentarias (enxeñería ou master universitario).

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>

Operadores Máquina fresadora A Guarda (Pontevedra)

Luns, 27 Outubro 2014 09:28

Empresa de soldadura e mecanizado precisa un *operador/a de fresadora* con control numérico (metais) con experiencia para un posto de traballo na Guarda.

Imprescindible coñecementos de software fagor 2080.

http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/ofertaEmpleo.html?numOferta=12/2014/9349&lis_pag=1

Responsable almacén Marín (Pontevedra)

Luns, 27 Outubro 2014 09:28

EGA consultores selecciona para almacén en Marín dunha importante empresa de reformas e acondicionamento de locais comerciais *un/unha responsable de almacén*.

A persoa se encargara da xestión do almacén na súa totalidade, asegurando a entrega dos pedidos en tempo e forma. Control e seguimento da mercancía almacenada. Control e seguimento da calidade dos envíos a nivel nacional e internacional.

Control en stock dos produtos.

Confección dos albaranes.

Se requiere Técnico/a Superior no área de Edificación e obra Civil.

Se valorarán coñecementos de francés ou inglés.

Experiencia en delineación.

Carné de carretillero.

Xornada completa.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/responsable-almacen/pontevedra/1733331/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=compras-logistica-y-transporte&utm_term=pontevedra

Asistente/a de Dirección para Vigo

Luns, 27 Outubro 2014 09:34

Adecco con sede en Madrid en Camino del Cerro de los Gamos 3, 28224 Pozuelo de Alarcón, Madrid, selecciona *un/unha asistente de dirección* con inglés para Vigo.

Se require diplomatura/enxeñería técnica e dous anos de experiencia.

Inglés nivel moi alto.

Residencia en Vigo ou arredores.

Experiencia no campo de asistencia e administración.

Incorporación inmediata.

Contrato de duración determinada.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/asistente-a-de-direccion-con-ingles-para-vigo/pontevedra/1733346/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=administrativos-y-secretariado&utm_term=pontevedra

Xestor activos bancarios zona Pontevedra

Luns, 27 Outubro 2014 11:14

Taurus Ibérica comercializadora nacional de xestión de activos procedentes de entidades bancarias interesa contratar un *xestor/a de activos bancarios* zona cidade de Pontevedra.

Para xestión do proceso de compra-venda de activos bancarios.

Se require:

Experiencia comercial no proceso de venda de activos bancarios, seguros.

Se ofrece:

Carteira de activos bancarios.

Apostamos por unha persoa emprendedora.

Labores de asesoramento o cliente.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/gestor-de-activos-bancarios-zona-pontevedra/pontevedra/1733598/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=construccion-e-inmobiliaria&utm_term=pontevedra

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX

OMIX

Samain en Pantón

Martes, 28 Outubro 2014 07:23



Festa do Samain en Pantón, o día 31 de outubro no centro sociocultural.

Omix de Pantón, teléfono 982 456 377.

Magosto en Pantón

Martes, 28 Outubro 2014 07:30



Magosto en Pantón o 8 de novembro no pavillón municipal, ás 18 horas.

Omix de Pantón, teléfono 982 456377.

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX

CASA DA XUVENTUDE

Liderado para o éxito

Venres, 24 Outubro 2014 11:11

O ESPAZO XOVE DE VILAGARCIA (Casa da Xuventude) dependente da *Delegación Territorial de Vigo* organiza un obradoiro:

LIDERADO PARA O EXITO

Obradoiro de resolución de conflitos e comunicación (persoal ou interpersoal). Deseño dun proxecto de crecemento persoal. Análise da situación que leva ao conflito, as metas e os medios existentes para lograr o éxito.

CONTIDOS:

- Motivación: A autoestima
- Estratexia de aprendizaxe e técnicas de afrontamento:
 - Proactividades.
 - Marcar metas (Plan).
 - Establecer prioridades: Autoxestión dos recursos persoais.
 - Técnicas de escoita e comunicación (controlar emocións, formas de comunicarse, recursos que temos).
 - Traballo en equipo (establecer sinerxias).
- Aprendendo das experiencias:
 - Análise da zona de confort.

DIRIXIDO A MOCIDADE DE 18 A 30 ANOS QUE RECIBIRAN UN DIPLOMA

DATA DE CELEBRACIÓN: 21 DE NOVENBRO DO 2014.

INSCRIPCIÓN: cxvilagarcia.traballo@xunta.es ou no tlf: 986 501568.

Activando o teu futuro

Venres, 24 Outubro 2014 11:17

O ESPAZO XOVE DE VILAGARCIA (Casa da Xuventude) dependente da *Delegación Territorial de Vigo* organiza un obradoiro:

ACTIVANDO O TEU FURURO

Obradoiro de motivación relacionada co emprego e o autoemprego. Análises das oportunidades de traballo e competitividade no mercado laboral. Aportar ferramentas para os mozos e mozas que lles permitan optimizar as súas habilidades e destrezas para a toma de decisións respecto ó futuro ocupacional ou profesional.

CONTIDOS:

- Define o teu obxectivo.
- Simplifica o teu curriculum vitae.
- A proba das redes sociais.
- Adquire formación.
- A importancia da educación non formal e o voluntariado.
- Empresas especialistas nas redes sociais.
- Descubre a túa vocación e activa a túa creatividade.
- Creación rede de contactos Emprego.

DIRIXIDO A MOCIDADE DE 18 A 30 ANOS QUE RECIBIRAN UN DIPLOMA.

DATA DE CELEBRACIÓN: 14 DE NOVENBRO DO 2014.

INSCRIPCIÓN: cxvilagarcia.traballo@xunta.es o no tlfn: 986 501568.

EXPOSICIÓN DE DEBUXOS DE DANI XOVE. Ourense

Venres, 24 Outubro 2014 12:42



Exposición de debuxos do fanzine **"Purin de ortiga"** de *Dani Xove* na *Casa da Xuventude de Ourense*, do 16 ao 31 de outubro.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net